

PROTOCOLO DE PREVENCIÓN E DE NORMAS DE UTILIZACIÓN DO PAZO DOS DEPORTES E OS SEUS ANEXOS E INSTALACIÓN S DEPORTIVAS DA DEPUTACIÓN DE LUGO CON MOTIVO DA CRISE SANITARIA E PANDEMIA POR COVID-19

O obxecto do presente protocolo é conciliar o fomento da práctica deportiva e o uso de instalación s deportivas do Pazo dos Deportes e Anexos co dereito á protección da saúde no contexto da pandemia causada polo COVID-19 e a normativa de aplicación en cada momento. Por tanto, será susceptible de modificación e actualización conforme á evolución normativa, a da propia pandemia e circunstancias organizativas propias e será esixibles para o uso e práctica no Pazo dos Deportes e Anexos

Ata o desenvolvemento de tratamentos eficaces ou vacinas contra a COVID-19 e, especialmente, durante os próximos meses nos que xa se vén confirmando a finalización de competicións, as entidades deportivas, especialmente as non profesionais, usuarios e usuarias das actividades deportivas deberán ser conscientes da especial importancia de adaptarse á nova realidade.

En consecuencia, será prudente valorar a consideración do rendemento en competicións como un obxectivo secundario, considerando que a prioridade do deporte debe ser a de fomentar a práctica deportiva segura e saudable, que supoña un beneficio para a saúde do deportista e non un risco para a mesma.

1.- MARCO DEFINITORIO DE CARÁCTER LEGAL

Protocolo básico de actuación para a volta aos adestramentos e o reinicio das competicións federadas e profesionais do Consello Superior de Deportes (BOE núm. 126, de 6 de maio de 2020)

Orden SND/399/2020, de 9 de mayo, para la flexibilización de determinadas restricciones de ámbito nacional, establecidas tras la declaración del estado de alarma en aplicación de la fase 1 del Plan para la transición hacia una nueva normalidad.

Orde SND/414/2020, do 16 de maio, para a flexibilización de determinadas restricións de ámbito nacional establecidas tras a declaración do estado de alarma en aplicación da fase 2 do Plan para a transición cara a unha nova normalidade. (BOE, núm. 138, sábado, 16 de maio de 2020)


Orde SND/458/2020, de 30 de maio, para a flexibilización de determinadas restricións de ámbito nacional establecidas tras a declaración do estado de alarma en aplicación da fase 3 do Plan para a transición cara a unha nova normalidade. (BOE, núm. 153, sábado, 30 de maio de 2020)

Real Decreto-ley 21/2020, de 9 de junio, de medidas urgentes de prevención, contención y coordinación para hacer frente a la crisis sanitaria ocasionada por el COVID-19. (BOE núm. 163, mércores 10 de xuño de 2020)

RESOLUCIÓN do 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, pola que se dá publicidade do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade.

RESOLUCIÓN do 25 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, pola que se dá publicidade do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 25 de xuño de 2020, polo que se introducen determinadas modificacións nas medidas de prevención previstas no Acordo do 12 de xuño de 2020, sobre

Código Seguro de Verificación	IV67SL7ODIV6RLVPQ5GTCEQCAU	Fecha	02/07/2020 10:39:17
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmante	XOSÉ MANUEL BECERRA PARDO (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV67SL7ODIV6RLVPQ5GTCEQCAU	Página	1/27



medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade.

RESOLUCIÓN do 15 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral para o Deporte, pola que se aproba o protocolo Fisicovid-DxTgalego polo que se establecen as medidas para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19 no ámbito do deporte federado de Galicia.

Protocolo FISICOVID-DXTGALEGO polo que se establecen as medidas para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19 no ámbito do deporte federado de Galicia

Para a definición, aplicación e desenvolvemento do presente protocolo, ha de terse en conta que de acordo co previsto no *Protocolo básico de actuación para a volta aos adestramentos e o reinicio das competicións federadas e profesionais* do Consello Superior de Deportes, tal documento será o protocolo de referencia e obrigado cumprimento para todos os deportistas federados, deportistas profesionais e de alto nivel, así como para as federacións e entidades deportivas nas que aqueles se incardinan, cada un na medida en que se define no presente protocolo, de fronte ao reinicio dos adestramentos e a posterior continuación de competicións oficiais. Trátase do marco mínimo para reactivar o deporte federado, o deporte profesional e de alto nivel durante o período asimétrico de *desescalada*, que poderá ser reforzado (nunca interpretado ou debilitado) por aqueles deportistas, federacións deportivas e entidades deportivas que así o desexen, atendendo á moi diversa natureza e necesidades dos axentes que compoñen o armazón deportivo.

Así mesmo, o citado protocolo adquire o carácter de marco básico para a sanidade e seguridade no deporte federado, no deporte profesional e de alto nivel e estará permanentemente suxeito á evolución de tres factores: o normativo, de rango superior (se o Goberno así o estima en calquera momento), se a situación o esixe; o médico-sanitario, tamén determinado polas Autoridades competentes, que poderá esixir unha revisión parcial deste documento; e o dos horizontes competitivos, sendo de obrigado cumprimento para todos os deportistas federados, profesionais ou de alto nivel. Sen prexuízo das medidas de reforzo de seguridade sanitaria que, sumadas a estas esixencias básicas,

Ha de entenderse por tanto, que ás definidas nel como básicas, poderán incorporarse as que poidan derivarse das definidas e aplicadas por as administracións titulares das instalacións e dos propios clubs ou entidades deportivas.


Cumprirá, así mesmo, ter en conta as distintas ordes ministeriais para a flexibilización de determinadas restricións de ámbito nacional establecidas tras a declaración do estado de alarma en aplicación da distintas fases do plan para a transición cara a unha nova normalidade, que deberán entenderse de aplicación en función da fase na que se atope a Comunidade Autónoma e no seu caso das modificación e adaptacións que se vaian desenvolvendo normativamente e de acordo coas condicións e circunstancias específicas da instalación deportiva da que se trate.

De acordo coas previsións establecidas nas distintas resolucións, ordes e outra normativa de aplicación:

Será obrigatorio o uso de máscaras de acordo co establecido no artigo 6 do Real decreto lei 21/2020, do 9 de xuño.

Para os efectos do establecido no número 1 do devandito artigo 6, entenderase que non é posible garantir o mantemento dunha distancia de seguridade interpersonal de, polo menos, 1,5 metros e, polo tanto, será obrigatorio o uso da máscara nos termos previstos no dito artigo:

Código Seguro de Verificación	IV67SL7ODIV6RLVPQ5GTCEQCAU	Fecha	02/07/2020 10:39:17
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmante	XOSÉ MANUEL BECERRA PARDO (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV67SL7ODIV6RLVPQ5GTCEQCAU	Página	2/27



a) Sempre que se transite ou se estea en movemento pola vía pública e en espazos ao aire libre e, pola concorrencia doutras persoas, non se poida garantir en todo momento, atendidos o número de persoas e as dimensións do lugar, o mantemento da distancia de seguridade.

b) Sempre que se estea en espazos pechados de uso público ou que se encontren abertos ao público e se poida concorrer no mesmo espazo con outras persoas usuarias. Excepciónanse os supostos en que se poida permanecer sentado se por parte da persoa titular do espazo se adoptan medidas que garantan en todo momento o mantemento da distancia de seguridade interpersonal entre as persoas usuarias.

Poderán acceder ás instalacións calquera persoa que desexa realizar unha práctica deportiva, incluídos os deportistas de alto nivel, de alto rendemento, profesionais, federados, árbitros ou xuíces e persoal técnico federativo, de acordo coas solicitudes formuladas polas respectivas entidades e clubs deportivos.

A actividade deportiva requirirá a concertación de cita previa coa entidade xestora da instalación. Para iso, organizaranse quendas horarias, fóra dos cales non se poderá permanecer na instalación.

Así mesmo, respectarase o límite de capacidade de uso deportivo en cada instalación, tanto no relativo ao acceso, como durante a propia práctica, habilitándose un sistema de acceso que evite a acumulación de persoas e que cumpra coas medidas de seguridade e protección sanitaria.

Unicamente poderá acceder coas persoas deportistas un adestrador no caso de que resulte necesario, circunstancia que deberá acreditarse debidamente. Excepciónanse as persoas con discapacidade ou menores que requiran a presenza dun acompañante.

Procederase á limpeza e desinfección das instalacións e á finalización de cada quenda procederase á limpeza das zonas comúns e, en cada quenda, deberase limpar e desinfectar o material compartido despois de cada uso. Ao finalizar a xornada procederase á limpeza da instalación, reducíndose a presenza do persoal ao número mínimo suficiente para a prestación adecuada do servizo.

En todo caso, os titulares da instalación deberán cumprir coas normas básicas de protección sanitaria do Ministerio de Sanidade.

MEDIDAS DE HIXIENE, LIMPEZA E PREVENCIÓN

Deberán terse en contas as medidas previstas no artigo 6 da *Orde SND/414/2020, do 16 de maio, para a flexibilización de determinadas restricións de ámbito nacional establecidas tras a declaración do estado de alarma en aplicación da fase 2 do Plan para a transición cara a unha nova normalidade*, de medidas de hixiene esixibles ás actividades previstas nesta orde, e no seu caso aquelas que se vaian ditando en desenvolvemento do referido Plan. E por tanto:


1. O titular da actividade económica ou, no seu caso, o director dos centros e entidades deberá asegurar que se adoptan as medidas de limpeza e desinfección adecuadas ás características e intensidade de uso dos centros, entidades, locais e establecementos previstos nesta orde.

Nas tarefas de limpeza prestarase especial atención ás zonas de uso común e ás superficies de contacto máis frecuentes como pomos de portas, mesas, mobles, pasamáns, chans, teléfonos, perchas, e outros elementos de similares características, conforme ás seguintes pautas:

a) Utilizaranse desinfectantes como dilucións de lixivia (1:50) recentemente preparada ou calquera dos desinfectantes con actividade virucida que se atopan no mercado e que foron autorizados e rexistrados polo Ministerio de Sanidade. No uso dese produto respectaranse as indicacións da etiqueta.

b) Tras cada limpeza, os materiais empregados e os equipos de protección utilizados refugaranse de forma segura, procedéndose posteriormente ao lavado de mans.

Código Seguro de Verificación	IV67SL7ODIV6RLVPQ5GTCEQCAU	Fecha	02/07/2020 10:39:17
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmante	XOSÉ MANUEL BECERRA PARDO (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV67SL7ODIV6RLVPQ5GTCEQCAU	Página	3/27



As medidas de limpeza estenderanse tamén, no seu caso, a zonas privadas dos traballadores, tales como vestiarios, despachos de billetes, aseos, cociñas e áreas de descanso.

Así mesmo, cando existan postos de traballo compartidos por máis dun traballador, realizarase a limpeza e desinfección do posto tras a finalización de cada uso, con especial atención ao mobiliario e outros elementos susceptibles de manipulación.

2. No caso de que se empreguen uniformes ou roupa de traballo, procederase ao lavado e desinfección regular dos mesmos, seguindo o procedemento habitual.

3. Débense realizar tarefas de ventilación periódica nas instalacións e, como mínimo, de forma diaria e durante o tempo necesario para permitir a renovación do aire.

4. Cando nos centros, entidades, locais e establecementos previstos nesta orde haxa ascensor ou montacargas, o seu uso limitarase ao mínimo imprescindible e utilizaranse preferentemente as escaleiras. Cando sexa necesario utilízalos, a ocupación máxima dos mesmos será dunha persoa, salvo que sexa posible garantir a separación entre elas, ou naqueles casos de persoas que poidan precisar asistencia, nese caso tamén se permitirá a utilización polo seu acompañante.

5. Cando de acordo co previsto nesta orde o uso dos aseos estea permitido por clientes, visitantes ou persoas usuarias, a súa ocupación máxima será dunha persoa, salvo naqueles supostos de persoas que poidan precisar asistencia, nese caso tamén se permitirá a utilización polo seu acompañante. Deberá reforzarse a limpeza e desinfección dos referidos aseos garantindo sempre o estado de salubridade e hixiene dos mesmos.

6. Fomentarase o pago con tarxeta ou outros medios que non supoñan contacto físico entre dispositivos, evitando, na medida do posible, o uso de diñeiro en efectivo. Limparase e desinfectará o datáfono tras cada uso, así como o TPV se o empregado que o utiliza non é sempre o mesmo.

7. Deberase dispoñer de papeleiras nas que poder depositar panos e calquera outro material de un único uso.

Así mesmo, serán de aplicación, como normas xenéricas de aplicación á instalación deportiva e ás actividades deportivas a desenvolver, as seguintes:

Sen prexuízo de cumprir coa Lei de Prevención de Riscos Laborais e demais normativa laboral, o titular da instalación deportiva e no seu caso da actividade a desenvolver, debe adoptar as medidas necesarias para cumprir coas medidas de hixiene e/ou prevención para o persoal traballador.

- Asegurase que todos os traballadores teñan permanentemente á súa disposición no lugar de traballo, auga e xabón ou xeles hidroalcohólicos con actividade virucida autorizados e rexistrados polo Ministerio de Sanidade para a limpeza de mans.

- Cando non se garanta a distancia de seguridade interpersonal asegurase que os traballadores dispoñan de equipos de protección – Epis- adecuados ao nivel de risco.

- Todo o persoal deberá estar formado e informado sobre o correcto uso dos citados equipos de protección.

- O anterior é de aplicación tamén a traballadores doutras empresas que presten servizos no local con carácter habitual ou de forma puntual.

- A disposición dos postos, a organización das quendas e o resto de condicións de traballo presentes no centro modificaranse, na medida necesaria, para garantir a posibilidade de manter a distancia de seguridade interpersonal de 1,5 metros entre os traballadores, sendo isto responsabilidade do titular instalación deportiva e no seu caso da actividade a desenvolver.

- As medidas de distancia previstas na orde deberán cumprirse, no seu caso, nos vestiarios, despachos de billetes e aseos dos traballadores, así como en calquera outra zona de uso común.

- Se un traballador ou persoa usuaria da instalación comeza a ter síntomas compatibles con Covid-19, débese contactar de inmediato co teléfono habilitado para iso pola comunidade autónoma ou centro de saúde correspondente e, no seu caso, cos correspondentes servizos de prevención de riscos laborais.

Código Seguro de Verificación	IV67SL7ODIV6RLVPQ5GTCEQCAU	Fecha	02/07/2020 10:39:17
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmante	XOSÉ MANUEL BECERRA PARDO (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo//code/IV67SL7ODIV6RLVPQ5GTCEQCAU	Página	4/27



- Sen prexuízo da adopción das necesarias medidas de protección colectiva e individual, os centros deben realizar os axustes na organización horaria necesarios para evitar risco de coincidencia masiva de persoas, traballadoras ou non, en espazos ou centros de traballo durante as franxas horarias de previsible máxima afluencia ou concentración.
- Existe risco de coincidencia masiva de persoas cando non haxa expectativas razoables de que se respecten as distancias mínimas de seguridade, particularmente nas entradas e saídas das instalacións, tendo en conta tanto a coincidencia das persoas traballadoras como a afluencia doutras persoas que sexa previsible ou periódica.
- Os axustes mencionados realizánsense tendo en conta as instrucións das autoridades e, no seu caso, o previsto nas normas laborais e convencionais de aplicación.

A RESOLUCIÓN do 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, pola que se dá publicidade do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, encadra o desenvolvemento da actividade e instalacións deportivas, e establece que:

1. A práctica da actividade física e deportiva non federada, ao aire libre, poderá realizarse de forma individual ou colectiva, sen contacto físico, e ata un máximo de vinte e cinco persoas de forma simultánea.

Nas instalacións e centros deportivos poderase realizar actividade deportiva en grupos de ata vinte e cinco persoas, sen contacto físico, e sempre que non se superen os dous terzos da capacidade máxima permitida.


2. Deberán establecerse as medidas necesarias para procurar manter a distancia de seguridade interpersonal ou, na súa falta, a utilización de medidas alternativas de protección física.

Nas instalacións deportivas a actividade física e deportiva estará suxeita aos seguintes criterios xerais de uso:

- a) Con carácter xeral, non se compartirá ningún material e, se isto non fose posible, garantirase a presenza de elementos de hixiene para o seu uso continuado.
- b) As bolsas, mochilas ou efectos persoais só se poderán deixar nos espazos habilitados para ese fin.
- c) Os deportistas non poderán compartir alimentos, bebidas ou similares.
- d) Antes de entrar e ao saír do espazo asignado, deberán limparse as mans cos hidroxeles que deberán estar dispoñibles nos espazos habilitados para o efecto.
- e) Os técnicos, monitores ou adestradores deberán manter a distancia de seguridade interpersonal nas instalacións ou, na súa falta, utilizar máscara.
- f) Utilizarase a máscara durante o tempo de circulación entre espazos comúns nas instalacións, salvo que se poida garantir a distancia de seguridade interpersonal.

En todo caso, no relativo ao uso da máscara estarase ao disposto na RESOLUCIÓN do 25 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, pola que se dá publicidade do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 25 de xuño de 2020, polo que se introducen determinadas modificacións nas medidas de prevención previstas no Acordo do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade.

Código Seguro de Verificación	IV67SL7ODIV6RLVPQ5GTCEQCAU	Fecha	02/07/2020 10:39:17
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmante	XOSÉ MANUEL BECERRA PARDO (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV67SL7ODIV6RLVPQ5GTCEQCAU	Página	5/27



5. Ademais do cumprimento xeral das medias de hixiene e prevención establecidas, no caso de que nas instalacións se preste algún tipo de servizo de hostalaría e restauración, a prestación deste axustarase ao previsto nas condicións para a prestación do servizo nos establecementos de hostalaría e restauración.

Así mesmo, a resolución establece que a práctica da actividade deportiva federada de competencia autonómica, rexerese de acordo aos seguintes criterios:

1. A práctica da actividade deportiva federada de competencia autonómica poderá realizarse de forma individual ou colectiva, sen contacto físico, e ata un máximo de 25 persoas simultaneamente no caso dos adestramentos. Non se aplicará este límite nas competicións onde as regras federativas garantan espazos diferenciados para cada equipo. No caso de realizarse en instalacións deportivas, a práctica axustarase ademais aos termos establecidos para as mesmas.

2. Sempre que sexa posible, durante a práctica da actividade deportiva deberá manterse a distancia de seguridade interpersoal. Para estes efectos, para a realización de adestramentos e a celebración de competicións, as federacións deportivas galegas deberán dispor dun protocolo, que será aprobado mediante resolución da Secretaría Xeral para o Deporte, no que se identifiquen as situacións potenciais de contaxio, atendendo ás vías recoñecidas polas autoridades sanitarias, e no que se establezan as medidas de tratamento de risco de contaxio adaptadas á casuística.

O dito protocolo será de obrigada observancia para o conxunto dos estamentos federativos e deberá publicarse na páxina web da federación deportiva.

No relativo á celebración de eventos deportivo, establece que:

1. A organización dos eventos deportivos recollidos no artigo 22 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, axustarase aos requirimentos establecidos pola normativa sectorial en vigor e polas normas que, de ser o caso, sexan aprobadas polas autoridades competentes.

2. Os organizadores de eventos deportivos deberán contar cun protocolo específico no ámbito do COVID-19, que será trasladado á autoridade competente e que deberá ser comunicado aos seus participantes. Deberán incluírse no dito protocolo as medidas necesarias para procurar manter a distancia de seguridade interpersoal con e entre os espectadores ou, na súa falta, a utilización de medidas alternativas de protección física con uso de máscara por parte destes.


E pola súa parte no relativo á asistencia de público en instalacións deportivas, reflicte que:

Sen prexuízo das competencias atribuídas no artigo 15.2 do Real decreto lei 21/2020, do 9 de xuño, de medidas urxentes de prevención, contención e coordinación para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, e do establecido no punto anterior, no caso dos adestramentos, competicións ou eventos que se celebren en instalacións deportivas, poderán desenvolverse con público sempre que este permaneza sentado e que non se supere o setenta e cinco por cento da capacidade permitida, cun límite máximo de trescentas persoas para lugares pechados e de mil persoas tratándose de actividades ao aire libre.

1. FINALIDADE E ÁMBITO DO PROTOCOLO

A. FINALIDADE DO PROTOCOLO: propor as medidas básicas que deben de implementarse nas instalacións deportivas da Deputación de Lugo, Pazo dos Deportes e Anexos da Deputación de Lugo de prevención, hixiene

Código Seguro de Verificación	IV67SL7ODIV6RLVPQ5GTCEQCAU	Fecha	02/07/2020 10:39:17
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmante	XOSÉ MANUEL BECERRA PARDO (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo//code/IV67SL7ODIV6RLVPQ5GTCEQCAU	Página	6/27



e limpeza e de utilización e uso dos espazos deportivos do pazo dos deportes da Deputación de Lugo e os seus anexos, con motivo da crise sanitaria e pandemia por COVID 19 en desenvolvemento das actividades das distintas modalidades deportivas, de acordo coa normativa de aplicación e as directrices de utilización da instalación.

B. ÁMBITO DE APLICACIÓN: Instalacións do Pazo dos Deportes e os seus Anexos e instalacións deportivas da Deputación de Lugo e actividades de carácter deportivo que se poidan desenvolver. As propostas de actuación e medidas que se propoñen neste protocolo están baseadas nas normas e directrices que se diten polas autoridades estatais, autonómicas, e no seu caso, locais competentes, que lles sexan de aplicación expresa.

O seu contido será de aplicación para as actividades deportivas a desenvolver nas súas instalacións por deportistas individuais, clubs, asociacións e entidades deportivas, e no seu caso sociedades anónimas deportivas, e en consecuencia, independentemente da concesión demanial coa que conta CB BREOGÁN SAD.

O protocolo sinalado será de obrigado cumprimento por parte dos usuarios que queiran facer uso das instalacións e será plenamente vinculante, sen prexuízo das normas que se publique por parte da autoridade competente durante o transcurso da pandemia.

En todo caso, o cumprimento deste protocolo corresponderá ás entidades/club e usuarios/as cando practiquen actividade física baixo a súa exclusiva responsabilidade

En consecuencia, de acordo co marco regulamentario indicado, queda fóra do ámbito do presente protocolo calquera actividade de carácter estritamente non deportivo, e por tanto considerárase non procedente o desenvolvemento de calquera outra acción/actividade ou iniciativa allea á actividade deportiva, de acordo coas circunstancias e determinacións desvoltas no Protocolo básico de actuación para a volta aos adestramentos e o reinicio das competicións federadas e profesionais do Consello Superior de Deportes e nas sucesivas ordes ministeriais relativas a COVID 19.

C) ÁMBITO E UTILIZACIÓN, USUARIOS E USUARIAS E SOLICITUDES

Disponibilidade: de luns a venres (días laborais).

Modo de acceso: baixo previa cita e solicitude de uso

- Deportistas de alto nivel, alto rendemento, profesionais ou asimilados.
- Deportistas federados correspondentes ás especialidades deportivas das instalacións.


Documentación esixida para o acceso:

- DNI e licenza federativa, e no seu caso, seguro federativo en vigor.
- Declaración responsable

En ningún caso se permitirá o acceso de persoas que non mostren a documentación referida ou que non teñan confirmación de autorización de uso. Non se permitirá o acceso de persoas non autorizadas.

Solicitudes de uso:

Código Seguro de Verificación	IV67SL7ODIV6RLVPQ5GTCEQCAU	Fecha	02/07/2020 10:39:17
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmante	XOSÉ MANUEL BECERRA PARDO (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV67SL7ODIV6RLVPQ5GTCEQCAU	Página	7/27



- ◆ Deportista de alto nivel, alto rendimento ou asimilado/a, entidades deportivas locais con deportistas federados/as e deportistas federados para actividade individual, deberán remitirán solicitude por correo electrónico encargadopazodosdeportes@deputacionlugo.org asinada polo/a deportista e/ou pola presidencia do club, solicitando os usos correspondentes para a semana seguinte e indicando horarios de preferencia, antes das 24:00 horas do xoves (ou anterior no caso de ser inhábil) da semana inmediatamente anterior.
- ◆ A solicitude deberán formalizala así mesmo a través do rexistro oficial/sede electrónica da Deputación de Lugo, achegando as respectivas declaracións responsables e calquera outra documentación que no seu caso for precisa para a valoración e o trámite da solicitude (protocolo específico, seguro de responsabilidade civil, fichas federativas, etc)
- ◆ De ser entidade, deberá achegar listaxe de deportistas relacionando apelidos, nome, DNI e número de licenza federativa e no que velarán porque non se produzan usos compartidos de colectivos de idades diferentes desde a perspectiva Covid-19 con programación semanal de uso deportivo (dentro dos horarios e quendas establecidos).
- ◆ De ser deportista de alto nivel, alto rendimento ou asimilado/a deberá indicar nome e apelidos, nº de DNI, número de licenza federativa e achegar documento acreditativo de atleta DAN, DAR ou asimilado/a.
- ◆ En todos os casos, deberá achegarse copia escaneada da licenza federativa e a respectiva declaración responsable de usuario/a protocolo Covid 19.
- ◆ Só se admitirán as solicitudes e peticións formuladas a través de correos electrónico e rexistro oficial/sede electrónica e que cumpran os requisitos indicados no momento de finalización do prazo establecido: antes das 24:00 horas do xoves (ou anterior no caso de ser inhábil) da semana inmediatamente anterior.

Igualmente, a entidade deberá remitir protocolo interno da entidade en referencia ao Covid-19 e declaración responsable de cumprimento do presente protocolo.

As quendas e períodos de uso poderán verse modificados por causas técnicas, organizativas, sanitarias ou normativas, informándose en tal caso convenientemente aos usuarios/ as. Igualmente, en función da demanda, necesidades ou características, poderanse reorganizar os usos deportivos ou realizar reasignación de quendas.


2. OBXECTIVOS XERAIS DO PROTOCOLO.

a) DELIMITAR A/S «ZONA/S LIMPA/S» DAS INSTALACIÓNS.

ESTABLECER O CONXUNTO DE MEDIDAS DE ACTUACIÓN E PREVENCIÓN, en desenvolvemento das directrices fixadas polas autoridades sanitarias, que serán de obrigado cumprimento en a instalación deportiva e no desenvolvemento das actividades.

b) O obxectivo deberá ser acoutar os espazos considerados “zonas limpas” e aqueles outros que polas circunstancias físicas e espaciais poidan considerarse susceptibles de maior risco e que deban permanecer pechados ou inutilizados en cumprimento das medidas de prevención do presente Protocolo.

Código Seguro de Verificación	IV67SL7ODIV6RLVPQ5GTCEQCAU	Fecha	02/07/2020 10:39:17
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmante	XOSÉ MANUEL BECERRA PARDO (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo//code/IV67SL7ODIV6RLVPQ5GTCEQCAU	Página	8/27



PAZO DOS DEPORTES: Para delimitar a zona limpa temos que ter en conta que o Pazo dos Deportes só dispón dunha entrada con controis de acceso. Todos as persoas usuarias deberán entrar e saír por este acceso. Tanto para acceder as pistas de adestramento/xogo como para acceder a oficinas. Por tanto, deberá contar cos elementos precisos de hixiene de mans e calzado.

ANEXO: Dadas as condicións de acceso e a imposibilidade do control de acceso e do cumprimento das normas do protocolo e das medidas de prevención, o seu uso deberá estar vinculado á responsabilidade de control das medidas de prevención por parte da entidade solicitante.

c) INCULCAR UNHA DISCIPLINA E HÁBITOS DE HIXIENE por parte de todas as persoas que fagan uso de a instalación e das actividades que permitan reducir e minimizar o risco de contaxio nas mesmas.

d) INFORMAR E FORMAR a todas as persoas (deportistas, adestradores, persoal e pais e nais) sobre as novas pautas de actuación.

e) CONCIENCIAR: só coa responsabilidade persoal e a conciencia de que a prevención é tarefa de todos e todas se poderán conseguir estes obxectivos.

3.- REGLAS XERAIS DAS MEDIDAS DE ACTUACIÓN E PREVENCIÓN.

3.1. Distancia física.

3.2. Hixiene de mans.

3.3. Hixiene de calzado.

3.4. Limpeza e desinfección da instalación e de todo tipo de material.

3.5. Responsabilidade da persoa deportista e dos clubs e entidades.

3.6. Nova organización de actividades..

3.7. Responsables de cumprimento.


3.8. Publicidade nas medidas.

3.9. Revisión, actualización e mellora.

3.1. DISTANCIA FÍSICA ENTRE PERSOAS (1,5 METROS) *Real Decreto-ley 21/2020, de 9 de junio, de medidas urgentes de prevención, contención y coordinación para hacer frente a la crisis sanitaria ocasionada por el COVID-19. (BOE núm. 163, mércores 10 de xuño de 2020)*

Todas as actividades e lugares do recinto deben de garantir que polo menos haxa 1,5 metros de distancia entre as persoas usuarias /as. Así mesmo a distancia física ao correr e realizar un exercicio físico intenso debe de ser maior por canto as partículas que se expulsan desde o organismo poden ser absorbidas por outras persoas usuarias que se atopen detrás sendo insuficientes os 1,5 metros. A distancia recomendable en actividades con carreira libre: mínimo de 10 metros. Tendo en conta as circunstancias derivadas da actividade deportiva intensa, os lugares e espazos nos que non se garanta este distanciamento non deberan permanecer abertos ou utilizados.

Código Seguro de Verificación	IV67SL7ODIV6RLVPQ5GTCEQCAU	Fecha	02/07/2020 10:39:17
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmante	XOSÉ MANUEL BECERRA PARDO (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV67SL7ODIV6RLVPQ5GTCEQCAU	Página	9/27



Os corredores de acceso non permitirían a distancia de seguridade de 1,5 metros. En consecuencia, deberase respectar as quendas de itinerarios de acceso e saída, a través da aplicación e respecto estrito das faixas horarias. No caso de se producir coincidencia, deberase respectar o uso alternativo dos corredores para entrada e saída.

3.2. HIXIENE DE MANS

As instalacións do Pazo dos Deportes e Anexos deben contar coas medidas suficientes para garantir que as persoas usuarias que acceden e que se atopen dentro, poidan realizar un lavado de mans xa sexa con auga e xabón por tempo suficiente ou con solución hidroalcohólica ou similar. Cando se manipulen obxectos deportivos (aínda cando estes estean desinfectados), os participantes deben de dispor de medios que lle permitan asearse debidamente as mans.

- Dispensador de xel hidroalcohólico

Dentro da zona limpa deben situarse mesas ou puntos nos que as persoas usuarias poidan desinfectar as mans seguindo os protocolos de hixiene. A distribución que se considera precisa sería:

- 1 mesa/punto na entrada da instalación.
- 1 mesa/punto na saída da instalación.
- 2 mesas/puntos diante das entradas da pista central, é dicir, unha en cada tramo de corredor dando servizo unha á zona de predeporte e sala de musculación e outra ás pistas de squash.
- 2 mesas/puntos no primeiro andar, unha na entrada e outra na saída

Cada mesa ou punto de hixiene, debería contar con:

- Dispensador de xel ou líquido desinfectante.
- Dispensador de panos de 1 uso
- Papeleira con tapa e apertura de pedal (e bolsas de autopeche).
- Cartelaría coas normas de uso do punto de hixiene.

Así mesmo, deberán revisarse e adaptarse ou substituírse as xaboneiras, instalando dispensadores de xabón e dispensadores de panos de papel, e papeleiras con tapa e de apertura accionada por pedal.


3.3. HIXIENE DE CALZADO.

É fundamental a limpeza da sola do calzado para manter limpa a instalación e a posible entrada de virus na mesmas. É un elemento que non se debe descoidar, co que as medidas a adoptar deben de cumprir este principio.

Poderá realizarse con:

- Alfombras desinfectantes.

Código Seguro de Verificación	IV67SL7ODIV6RLVPQ5GTCEQCAU	Fecha	02/07/2020 10:39:17
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmante	XOSÉ MANUEL BECERRA PARDO (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV67SL7ODIV6RLVPQ5GTCEQCAU	Página	10/27



- Bandexas ou zonas de pisada con solución hidroalcohólica ou desinfectante (similar ás de piscinas)de lavados de pés pero coa cantidade xusta para a sola do calzado).
- Sprais para asperxer e desinfectar as solas. (Atención: fará necesaria unha cadeira cos que creamos unha superficie máis de contacto e limpeza que haberá que desinfectar despois do uso)
- Protectores de un uso de calzado.

PUNTO DE CAMBIO DE CALZADO. Lugar onde os deportistas cambian o calzado de rúa polo calzado deportivo previa desinfección da sola para acceder a as instalacións ou campo de xogo.

O/a deportista deberá levar o calzado nunha bolsa e cambiaranse na zona habilitada. Deberá marcarse un itinerario expreso. Este proceso repetirase á inversa á finalización da sesión ou actividade. Limparase e desinfectará a zona de cambio de calzado á finalización de cada actividade.

Por tanto, deberase delimitar zona habilitada, de uso exclusivo e non intercambiable, e deberá instalarse sistema de hixiene de calzado de tipo alfombra ou bandexa coa solución hidroalcohólica.

3.4. LIMPEZA E DESINFECCIÓN DA INSTALACIÓN E DO MATERIAL

a) INSTALACIÓN

- Deberán identificarse e inutilizarse aquelas zonas que teñan pouco uso, que poida supor focos de contaxio ou nas que non se poida garantir a limpeza e desinfección da mesma despois de cada uso.
- Axustar e planificar o plan de limpeza e desinfección en función das previsións do contrato en vigor de limpeza, das súas posibles modificacións e ampliacións (polo menos un pola mañá e outro pola tarde).
- Adecuar o material de limpeza: desinfectantes que garantan a eliminación do virus
- Garantir a seguridade do persoal de limpeza e a súa debida formación nos protocolos de actuación.

O establecemento de adestramentos e faixas horarias con cita previa, quedará definido en función das necesidades operativas respecto das solicitudes semanais recibidas e das quendas do servizo de limpeza.

a) MATERIAL

1) Só serán manipulados polo responsable, ou no seu caso adestrador /a ou monitor/a coas debidas garantías de protección.


2) Uso individual de material e numerado cando sexa necesario (p.e. balóns, para identificar o de cada deportista/s)

3) O material deberá desinfectarse sempre despois de cada uso.

En consecuencia, é responsabilidade do/da deportista ou no seu caso do club ou entidade deportiva o cumprimento estrito das citadas medidas.

3.5. RESPONSABILIDADE DA PERSOA DEPORTISTA, CLUBS E ENTIDADES DEPORTIVAS

Código Seguro de Verificación	IV67SL7ODIV6RLVPQ5GTCEQCAU	Fecha	02/07/2020 10:39:17
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmante	XOSÉ MANUEL BECERRA PARDO (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV67SL7ODIV6RLVPQ5GTCEQCAU	Página	11/27



Se a persoa usuaria tivese febre ou síntomas (os identificados polas autoridades sanitarias) non debe en ningún caso acceder á instalación deportiva. Se aínda así accedeu e se observa algún síntoma, debe procederse ao cumprimento dos protocolos de illamento, comunicación ás autoridades sanitarias e proceder á inmediata desinfección e toma de información de compañeiros de quenda.

Por este motivo, cada usuario/a deberá asinar un DOCUMENTO DE RESPONSABILIDADE no momento de solicitar cita previa para o uso das instalacións.

3.6. NOVA ORGANIZACIÓN DA INSTALACIÓN E DAS ACTIVIDADES

- Organización e accesos de entrada /saída e zonas/áreas deportivas.

Os/as deportistas federados poderán solicitar o uso do espazo deportivo de xeito individual, tendo en conta en todo caso, a necesaria equidade de uso entre os/as deportistas dos distintos clubs e entidades usuarias do Pazo e dos seus anexos.

Estableceranse os respectivos espazos e horarios previstos para a súa utilización.

Entre sesión e sesión, de adestramento ou de actividade deportiva, deberá transcorrer o espazo de tempo suficiente que permita a realización e aplicación das distintas medidas de prevención, limpeza e desinfección que se adopten.

- Creación de itinerarios para circular polos corredores e espazos interiores (para evitar deambulación incontrolada e cruces con outros deportistas.
- Establecemento de sistema de CITA PREVIA para a práctica das actividades deportivas que se vaian autorizando, a través de contacto telefónico ou correo electrónico.

B. REORGANIZACIÓN ACTIVIDADES

- REORGANIZACIÓN NUMÉRICA DOS GRUPOS: capacidade segundo actividade deportiva, as distancias de seguridade e o espazo usado.
- SISTEMA DE QUENDAS: non se poderá acceder ata que saíse a anterior quenda para os efectos de permitir entre unha quenda e outra quenda a limpeza da instalación e material.
- Acudir con cita previa, no día e horarios sinalados.


3.7. RESPONSABLES DE CUMPRIMENTO

No seu caso, cada Club ou entidade deportiva, á que pertenza o/a deportista federado designará un RESPONSABLE DE CUMPRIMENTO DAS MEDIDAS DE SEGURIDADE a fin de que poida supervisar e controlar o desenvolvemento do protocolo e o bo cumprimento das medidas preventivas que se impuxeron na instalación e actividades deportivas.

Será a canle de comunicación cos responsables do Club ou da entidade deportiva e no seu caso coas autoridades.

Deberá de recibir a formación oportuna e velar para que o persoal e participantes reciban a formación necesaria .

Código Seguro de Verificación	IV67SL7ODIV6RLVPQ5GTCEQCAU	Fecha	02/07/2020 10:39:17
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmante	XOSÉ MANUEL BECERRA PARDO (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo//code/IV67SL7ODIV6RLVPQ5GTCEQCAU	Página	12/27



3. 8. PUBLICIDADE DAS MEDIDAS

- CARTELARÍA en cada zona ou área, identificando aquelas con medidas específicas
- Información a clubs e entidades deportivas e aos deportistas e participantes antes da reapertura ou do reinicio por correo electrónico.
- Información en redes sociais.
- Declaración responsable de deportista usuario/a.

3.9. REVISIÓN E MELLORA

Todo proceso ou procedemento precisa dunha análise sobre o grao de implementación ou cumprimento a fin de ver onde fraquea e aplicar con iso as melloras que procedan.

Débase pois de ser proactivo na revisión das medidas e adoptar inmediatamente aquelas para atallar ou solucionar os déficits de seguridade que se poidan detectar.


- Planificando datas de revisión: revisión en fase 3 e posteriores.
- Establecendo canles de comunicación co persoal que poñan de relevo as dificultades ou deficiencias observadas
- Realizando enquisas de valoración das medidas

4. MEDIDAS PREVENTIVAS NAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS

- 1) Zona de acceso a Pazo e Anexos
- 2) Zonas comúns
- 3) Vestiarios
- 4) Aseos
- 5) Oficinas
- 6) Sala predeporte
- 7) Sala de musculación
- 8) Pistas: centrais e de anexos. Pistas de squash.
- 9) Máquinas de bebidas e outros produtos
- 10) Saídas
- 11) Espazos de hostalería

4.1.- ZONA ACCESO Á INSTALACIÓN: Pazo e Anexos

Poderanse establecer as seguintes normas:

Código Seguro de Verificación	IV67SL7ODIV6RLVPQ5GTCEQCAU	Fecha	02/07/2020 10:39:17	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica			
Firmante	XOSÉ MANUEL BECERRA PARDO (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV67SL7ODIV6RLVPQ5GTCEQCAU	Página	13/27	

- Cartelaría explicativa das normas que serán de aplicación.
- Acceso só de deportistas segundo quenda e capacidade.
- Supresión de mecanismos de control de pegada dactilar ou que supoñan contacto con algún elemento (tornos, cartóns, etc...)
- Posible instalación de control de temperatura. Non se poderá acceder con temperatura igual ou superior a 37º. A expensas de decisión da administración e das autoridades sanitarias.
- Acceso con máscaras de protección persoal.
- Distancia física de 1,5 m nas zonas de entradas. Sinalizarse a distancia mínima nas zonas de acceso e interiores.
- Accesos graduados a fin de evitar aglomeracións en as entradas. Cada persoa ou grupo terá que ter unha hora de entrada que non coincida coa de outras persoas ou doutros grupos para evitar aglomeracións e encontros nas zonas de accesos (SISTEMA DE QUENDAS).
- Desinfección de mans ao acceso da instalación.
- Desinfección calzado: habilitación de zonas ao acceso de desinfección do calzado ao acceder á instalación: alfombras desinfectantes, mecanismos de desinfección e limpeza de solas de zapatos, uso de cubrecalzados de un único uso por parte das persoas usuarias, etc....
- Acreditación federativa do carácter de deportista federado/a e declaración responsable COVID 19.

O incumprimento das medidas dará dereito á Deputación de Lugo a adoptar as medidas necesarias de prohibición de acceso á instalación por motivos de seguridade.


4.2.- ZONAS COMÚNS.

Poderanse fixar as seguintes regras:

- a) Cartelaría explicativa das medidas que se aplican nestas zonas.
- b) Establecer itinerarios de tránsito debidamente sinalizados para evitar encontros e poder respectar distancias de seguridade debidamente acoutados: circulación pola dereita.
- c) Prohibición de paradas de deportistas e participantes nas zonas de tránsito.
- d) En caso de varias pistas deportivas, pautar os horarios de acceso para evitar coincidencias de persoas ou fixar zonas amplas exteriores de espera (non se accede ata que non se salga ou se acabe limpeza). SISTEMA DE QUENDAS.
- e) Establecer mesas ou puntos de hixiene con xel desinfectante/ panos de 1 único uso/ papeleiras con tapa e pedal, debidamente sinalizados, itinerarios de acceso á instalación e en todo caso á entrada de aseos/pistas/instalacións.

4.3. VESTIARIOS

Código Seguro de Verificación	IV67SL7ODIV6RLVPQ5GTCEQCAU	Fecha	02/07/2020 10:39:17
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmante	XOSÉ MANUEL BECERRA PARDO (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo//code/IV67SL7ODIV6RLVPQ5GTCEQCAU	Página	14/27



Os/as deportistas deberán vir vestidos e preparados para a práctica deportiva.

O art. 42.5 orde SND 399/2020, establecía que en ningún caso poderán abrirse vestiarios ou zonas de ducha por ser zona de alto risco de contaxio. Serán de aplicación as medidas ditadas polas autoridades sanitarias respecto do seu uso e utilización, sempre coas medidas de prevención previstas.

En todo caso, deberá terse en conta que nos vestiarios, con deportistas hiperventilando, será preciso respectar distancias mínimas de 6 metros entre eles, polo que se deberán establecer quendas de uso.

4.4.- ASEOS

A salvo da posible aplicación das normas sanitarias de uso que se diten, rexerese polas seguintes normas:

- a) Uso só en caso de extrema e urxente necesidade. Designarase un único espazo que deberá estar identificado e con acceso controlado.
- b) Cartelaría explicativa das normas de uso .
- c) Limitación de capacidade: ocupación máxima dunha PERSOA, salvo naqueles supostos de persoas que poidan precisar asistencia, nese caso tamén se permitirá a utilización polo seu acompañante (ORDE SND 399/2020).
- d) En todo caso, deberán executarse as medidas de limpeza e desinfección de calzado previstas.
- e) Acceso só con máscara que se manterá durante todo o tempo de estancia no aseo.
- f) Dispensadores de xel desinfectante para mans e lavabos con xabón que permita o lavado e limpeza de mans: lavado obrigado para as persoas usuarias á entrada ao aseo e antes da saída.
- g) Limpeza e desinfección despois do aseo. O seu uso deberá estar regrado pola utilización de sistema de quendas e pola cobertura ofrecida polo contrato de servizos de limpeza vixente, e/ou das súas modificacións e ampliacións.


4.5.- OFICINAS.

5.1 Oficinas da instalación deportiva

Aplicaranse as seguintes regras para o seu uso:

- a) Só con cita previa: as citas deberán de graduarse e permitir que non haxa encontro de persoas. En caso de colas, deberán de garantirse o respecto á distancia de seguridade de 1,5 metros.
- b) Acceso só con máscara que se manterá durante toda a consulta.
- c) Reunión con capacidade máximo de 3 persoas (segundo espazo) e sempre que se garantan os 1,5 metros de distancia entre intervinetes.
- d) Limpeza de mans antes de acceder á oficina con xel desinfectante (implica colocación de dispensadores antes da entrada á oficina).

Código Seguro de Verificación	IV67SL7ODIV6RLVPQ5GTCEQCAU	Fecha	02/07/2020 10:39:17
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmante	XOSÉ MANUEL BECERRA PARDO (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV67SL7ODIV6RLVPQ5GTCEQCAU	Página	15/27



e) Colocación de cubrecalzado ao acceder ao interior da oficina ou desinfección de calzado ao acceso. Procurarase itinerario específico.

f) A documentación entregárase preferentemente por correo electrónico escaneado con declaración xurada de veracidade do documento e o seu contido.

g) Ventilación obrigatoria da oficina despois de cada reunión (min. 5 minutos).

5.2 Oficinas situadas nas instalacións, de clubs e entidades deportivas, incluídas sociedades anónimas deportivas.

a) Acceso de traballadores/as e persoal do club limitado a unha persoa por entidade, oficina e quenda, con comunicación previa do horario de uso.

De ser imprescindible a presenza de outras persoa, será con cita previa. As citas deberán de graduarse e permitir que non haxa encontro de persoas e deberá de garantirse o respecto á distancia de seguridade de 1,5 metros.

b) Acceso só con máscara que se manterá durante toda a estancia nas instalacións.

c) Reunión con capacidade máximo de 3 persoas (segundo espazo) e sempre que se garantan os 1,5 metros de distancia entre intervinetes.

d) Limpeza de mans antes de acceder á oficina con xel desinfectante (implica colocación de dispensadores antes da entrada á oficina).

e) Colocación de cubrecalzado ao acceder ao interior da oficina ou desinfección de calzado ao acceso. Procurarase itinerario específico.

f) A documentación que no seu caso fose preciso entregar, farase preferentemente por correo electrónico.

g) Ventilación obrigatoria da oficina despois de cada reunión (min. 5 minutos).

4.6. SALA PREDEPORTE

Poden imporse as seguintes regras de uso:

a) Cartelaría explicativa das medidas.

b) capacidade das salas: cifra ou porcentaxe que fixen os responsables da instalación.


c) Garantir as medidas de distanciamento física de 1,5 metros mínimo.

d) Limpeza de mans antes do inicio da actividade. A sala disporá de unha mesa ou punto de hixiene para limpeza das mans.

e) Os participantes accederán sempre co seu propio material, e dúas toallas: unha para a suor e outra para estendela no chan ou esterillas. Aconséllase que sexa da suficiente lonxitude a fin de que cubra suficientemente a extensión do corpo.

f) Recomendación de uso de elementos para os pulsos e o pelo para evitar contacto das mans coa cara.

Código Seguro de Verificación	IV67SL7ODIV6RLVPQ5GTCEQCAU	Fecha	02/07/2020 10:39:17
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmante	XOSÉ MANUEL BECERRA PARDO (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV67SL7ODIV6RLVPQ5GTCEQCAU	Página	16/27



g) Cada participante disporá da súa propia botella de auga/líquida para a actividade. Non se poderán compartir botellas.

h) Actividades en chan. Usaranse esterillas e o deportista colocará sempre sobre a esterilla a súa propia toalla que será de tamaño suficiente para cubrir o seu corpo ao tombarse.

i) MOCHILAS.

Establecerase no chan zona individualizada no que o usuario/a depositará a súa mochila.

A retirada das mochilas á finalización da actividade será ordenada e respectando o distanciamento.

4.7. SALA DE MUSCULACIÓN

a) Só con cita previa: as citas deberán de graduarse e permitir que non haxa encontro de persoas. En caso de colas, deberán de garantirse o respecto á distancia de seguridade de 1,5 metros.

b) Acceso só con máscara que se manterá durante toda a estancia, agás no tempo destinado á actividade deportiva, e sempre que se respecte a distancia de seguridade.

c) Reunión con capacidade máximo de 3 persoas (segundo espazo) e sempre que se garantan os 1,5 metros de distancia.

d) Limpeza de mans antes de acceder á oficina con xel desinfectante (implica colocación de dispensadores antes da entrada á oficina).

e) Colocación de cubrecalzado ao acceder ao interior do espazo ou desinfección de calzado ao acceso. Procurarase itinerario específico.

f) Limpeza de sala e máquinas ou material deportivo á finalización da actividade ou quenda.

g) Procurarase unha papeleira con tapa e pedal (con bolsa de autopeche) xunto á mesa de hixiene. O/a responsable da actividade ou usuario/a retirará a finalización de a mesma. Deberá de proceder ao lavado de mans despois de retirala.

h) Ventilación da sala á finalización da actividade (de ser posible).

i) SAÍDA. Ordenada e respectando o distanciamento física de 1.5 metros. Non re realizarán paradas nin círculos á saída.

4.8. PISTAS: CENTRAIS E DE ANEXOS. PISTAS DE SQUASH.


a) Cartelaría explicativa das medidas que afectan os campos exteriores.

b) Organización e planificación dos adestramentos: SISTEMA DE QUENDAS.

c) Capacidade. Os adestramentos realizaranse sempre axustados ao número de persoas que se determinen polas autoridades sanitarias ou deportivas.


d) Portas abertas da instalación para evitar manexo de tiradores, pomos, etc.

Código Seguro de Verificación	IV67SL7ODIV6RLVPQ5GTCEQCAU	Fecha	02/07/2020 10:39:17
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmante	XOSÉ MANUEL BECERRA PARDO (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo//code/IV67SL7ODIV6RLVPQ5GTCEQCAU	Página	17/27



- e) Pistas. Garantírase o distanciamento física cunha distancia mínima de 1,5 m antes da entrada á pista e cando estean no seu interior.
- f) Control de asistencia a cada actividade diaria. Para determinar os deportistas que estiveron en contacto. O control levarao o adestrador/monitor co seu propio bolígrafo. Non será necesaria folla de sinatura.
- g) Queda prohibida a formación de círculos entre os deportistas
- h) Limpeza de calzado. Procurarase antes da entrada no terreo de xogo, campo ou pista, a desinfección das zapatillas. Poderán colocarse bandexas con solución de auga, lixivia ou desinfectante para que sexa pisada antes da entrada ou pulverización nas solas de solucións desinfectantes.
- i) Limpeza de mans (MESA OU PUNTO DE HIXIENE). Ao acceder á instalación dispórase de xel hidroalcohólico ou similar para proceder a unha nova limpeza de mans e desinfección por se houberse algún contacto no tránsito da entrada ao campo.
- j) Colocación de mochilas, bolsas ou macutos dos deportistas. Poderá habilitarse unha zona onde se colocarán as bolsas que poidan levar os deportistas. Estarán nunha zona sinalizada e marcada que permita que cada mochila non teña contacto coas demais.
- k) Paradas dos adestramentos para limpeza de mans. Por tanto habilitarase punto de hixiene no que se poida levar a cabo a limpeza das mans coa solución hidroalcohólica.
- l) Manipulación do material só polo monitor – adestrador. Será o único que poida tocalo. Limparao e desinfectarao á finalización de cada adestramento.
- m) Prohibición absoluta de cuspir ou emitir secrecións nasais no espazo das instalacións.
- n) Recomendación de uso de muñequeiras/cintas de pelo para evitar contacto de mans coa cara pola suor.
- o) Respectar distancia de seguridade dos participantes durante o desenvolvemento da actividade de 1,5 metros. Se van realizar actividade deportiva na que haxa carreira dun tras outro, a distancia ampliarase a 10 metros.
- p) Uso de materiais:
- ◆ Cada participante levará o seu propio material deportivo. Non se poderá compartir ningún material.
 - ◆ Os deportistas non compartirán bebidas, outros alimentos, linimentos ou outros produtos, incluídos os sanitarios ou de primeiros auxilios, necesarios para o adestramento.
 - ◆ En ningún adestramento haberá persoal de apoio.
 - ◆ Os deportistas terán que adestrar oportunamente equipados, e calquera material de refresco ou auxiliar deberán portalo eles mesmos.
 - ◆ Seguirase minimizando en todo o posible o uso de ximnasios e tratarase de potenciar o adestramento físico ao aire libre. En calquera caso, cando sexa inevitable ou seu uso, debera desinfectarse coidadosamente a instalación e todo o material despois de cada adestramento.

Código Seguro de Verificación	IV67SL7ODIV6RLVPQ5GTCEQCAU	Fecha	02/07/2020 10:39:17
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmante	XOSÉ MANUEL BECERRA PARDO (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV67SL7ODIV6RLVPQ5GTCEQCAU	Página	18/27



- ◆ Materiais da actividade (conos, picas, miniporterías, carros de balóns/bólas, redes, suxeicións de rede, etc). Reducir o seu uso. Só poderán ser manipulados polo responsable da actividade NUNCA polas persoas usuarias . Será desinfectado antes da actividade.
- ◆ Uso de balóns: cada deportista usará o mesmo balón durante a actividade. Para iso numeraranse os balóns para que cada deportista use sempre o mesmo. Desinfectaranse á finalización da actividade en solución hidroalcohólica ou de auga con lixivia.

q) SAÍDAS. Ordenadas e mantendo a distancia física de 1,5 metros.

r) Limpeza superficie de xogo: só se a natureza de a superficie o permite e se se pode facer de forma segura (con augas cloradas ou limpeza específicas segundo casos)

Deberán terse en conta as ordes ministeriais e regulamentación de aplicación que se vaian ditando. En todo caso, respectarase o límite de capacidade de uso deportivo en cada instalación, tanto no relativo ao acceso, como durante a propia práctica, habilitándose un sistema de acceso que evite a acumulación de persoas e que cumpra coas medidas de seguridade e protección sanitaria. (OM SND/414/2020 Artigo 42.4)

De acordo coa citada orde e a salvo das súas posibles modificacións, nas instalacións deportivas cubertas, poderase permitir a práctica deportiva individual ou aquelas prácticas que se poidan desenvolver por un máximo de dúas persoas no caso de modalidades así practicadas, sempre sen contacto físico mantendo as debidas medidas de seguridade e protección, e en todo caso a distancia física de seguridade.

4.9. MÁQUINAS DE BEBIDAS E OUTROS PRODUTOS

Recoméndase que se inhabiliten.

En caso de uso adoptaranse as seguintes medidas:

Colocación de carteis con normas de uso.

- O titular da máquina deberá de ter colocado xel de mans á beira da máquina para posibilitar o seu uso. En caso de non dispor, a máquina quedará “fóra de servizo”.
- Introducción do diñeiro na máquina.
- Lavado de mans co xel hidroalcohólico.
- Selección do produto.
- Retirada do produto e no seu caso da volta.


4.10. SAÍDAS

Adoptaranse as seguintes medidas:

a) SISTEMAS DE CONTROL DE SAÍDA. Non se habilitarán os sistemas de control de saída que supoñan algún tipo de contacto físico (tornos, cartóns, pegadas....) ⇒ PORTAS ABERTAS E CONTROL POR RESPONSABLES..

b) DISTANCIAMIENTO FÍSICO. Garantírase que se manteña o distanciamento físico de polo menos 1,5 m á saída e que as persoas usuarias non se xunten nin acumulen na zona de saída/entrada da instalación.

Código Seguro de Verificación	IV67SL7ODIV6RLVPQ5GTCEQCAU	Fecha	02/07/2020 10:39:17
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmante	XOSÉ MANUEL BECERRA PARDO (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV67SL7ODIV6RLVPQ5GTCEQCAU	Página	19/27



c) RECOLLIDAS DE MENORES. Habilitaranse zonas para a súa recollida fóra da «zona limpa».

4.11.- ESPAZOS DE RESTAURACIÓN.

Permanecerán inicialmente pechados.

Rexeranse pola normativa estatal, autonómica ou local que se fixe para os negocios e actividades de restauración en cada momento para capacidade, número máximo de persoas e medidas específicas.

5. LIMPEZA E PLAN DE MANTEMENTO.

Deberanse de levar a cabo as seguintes operacións:

a) ADAPTAR os plans de mantemento, limpeza e conservación á nova situación creada polo COVID19.

LIMPEZA E DESINFECCIÓN PERIÓDICA DA INSTALACIÓN DEPORTIVA (antes apertura e durante)

Deberá aumentarse a frecuencia da limpeza de zonas comúns e instalacións que estean en uso, como mínimo, conforme ás directrices fixadas pola autoridade sanitaria, de acordo co contrato de servizos de limpeza vixente.

Débase realizar levar un control específico (cuadrante) para as limpeza e desinfeccións por motivos do COVID19.

b) RESPONSABILIDADE: O titular da instalación /actividade será o responsable de garantir a limpeza e desinfección.

Os titulares da instalación deberán cumprir coas normas básicas de protección sanitaria do Ministerio de Sanidade (Artigo 41.9 ORDE SND 399/2020).

d) MATERIAIS PARA A LIMPEZA:

Utilizaranse DESINFECTANTES como dilucións de lixivia (1:50) recentemente preparada ou calquera dos desinfectantes con actividade virucida que se atopan no mercado e que foron autorizados e rexistrados polo Ministerio de Sanidade. No uso dese produto respectaranse as indicacións da etiqueta.

e) LIMPEZA DE ZONAS DA INSTALACIÓN:

ÁREAS DE ESPECIAL ATENCIÓN ⇔ zonas de uso común e ás superficies de contacto máis frecuentes como pomos de portas, mesas, mobles, pasamáns, chans, teléfonos, perchas, e similares.


RESTO DE ZONAS

As medidas de limpeza estenderanse tamén a zonas privadas dos traballadores, tales como vestiarios, despachos de billetes, aseos, cociñas e áreas de descanso..

Postos de traballo compartidos por máis dun traballador,: realizarse a limpeza e desinfección do posto tras cada uso, con especial atención ao mobiliario e outros elementos obxecto de manipulación.

VENTILACIÓN DE ÁREAS E SALAS: periódica e, como mínimo, diaria e por espazo de 5 min.

Código Seguro de Verificación	IV67SL7ODIV6RLVPQ5GTCEQCAU	Fecha	02/07/2020 10:39:17
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmante	XOSÉ MANUEL BECERRA PARDO (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV67SL7ODIV6RLVPQ5GTCEQCAU	Página	20/27



ASEOS (nos supostos permitidos) → ocupación máxima dunha PERSOA (salvo naqueles supostos de persoas que poidan precisar asistencia, nese caso tamén se permitirá a utilización polo seu acompañante).

Limpeza e desinfección de aseos ⇨ como mínimo, 6 veces ao día, de ser posible de acordo co contrato de servizos de limpeza vixente e das súas modificacións e ampliacións.

ASCENSOR ou MONTACARGAS. De existir, o seu uso limitarase ao mínimo imprescindible ⇨ USO PREFERENTE DE ESCALEIRAS.

Cando sexa necesario utilízalos, a ocupación máxima dos mesmos será de unha persoa, salvo que sexa posible garantir a separación entre elas, ou naqueles casos de persoas que poidan precisar asistencia, nese caso tamén se permitirá a utilización polo seu acompañante.

LIMPEZA DE MANS: Deberase de garantir a presenza de xeles desinfectantes nos puntos indicados a fin de que se poida levar a cabo a limpeza de mans por persoal e participantes

f) ROUPA DE TRABALLO : lavado e desinfección DIARIA en máquina entre 60º e 90º.

Naqueles casos nos que non se utilice uniforme ou roupa de traballo, as pezas utilizadas por os traballadores en contacto con clientes, visitantes ou persoas usuarias , tamén deberán lavarse nas condicións sinaladas anteriormente

6.- INFORMACIÓN AOS PARTICIPANTES.


a) Información previa. Antes do inicio das actividades deberá de informarse das novas normas que rexerán o funcionamento da súa modalidade deportiva.

b) Os/as participantes (ou os seus proxenitores) deberán de subscribir unha Declaración responsabel DOS COMPROMISOS PARA DESENVOLVEMENTO DE A ACTIVIDADE. Explicaránselle e exporán por escrito as novas normas da súa actividade para o seu coñecemento e aceptación expresa.

c) Consideraranse participantes na instalación: Persoal /Técnicos /deportistas / familiares (proxenitores)

7.- FORMACIÓN.

- Inculcar sempre catro ideas fundamentais:
- Distancia física: debe de manter sempre a distancia de seguridade de 1,5 metros e ao correr de polo menos 10 metros.
- Hixiene de mans : limpeza antes de tocar ningunha superficie de a instalación (para iso contará cos dispensadores oportunos)
- Limpeza do calzado.
- Responsabilidade: o risco mínimo ou nulo de contaxio depende de que todos cumpramos coas.
- normas. Se non poden cumprirse, non se exercerá a actividade e excluíráselle.
- USO DE MÁSCARAS: sempre ao acceder á instalación e ata o inicio da actividade deportiva. Finalizada sempre deberá de volver colocarlle. Non se permitirá circulación pola instalación sen máscara.

Código Seguro de Verificación	IV67SL7ODIV6RLVPQ5GTCEQCAU	Fecha	02/07/2020 10:39:17	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica			
Firmante	XOSÉ MANUEL BECERRA PARDO (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV67SL7ODIV6RLVPQ5GTCEQCAU	Página	21/27	

- En todo caso, no relativo ao uso da máscara estarase ao disposto na RESOLUCIÓN do 25 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, pola que se dá publicidade do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 25 de xuño de 2020, polo que se introducen determinadas modificacións nas medidas de prevención previstas no Acordo do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade.

8.- PERSOAL.

a).- Persoal Laboral: Deberá de cumprir coas disposicións en materia de saúde e seguridade no traballo que fixan o Estatuto dos Traballadores, normativa reguladora e Plan de Prevención de Riscos Laborais emitido por empresa do sector.

b).- Persoal Voluntario. Estará vinculado polas normas e directrices en materia de saúde nas instalacións deportivas que se diten polas autoridades correspondentes e polas normas que se establezan no seu desenvolvemento polo presente protocolo.

9.- TÉCNICOS

Adestradores/monitores. Deberán de cumprir as normas da instalación e actividade como calquera outro usuario/a, tanto as xerais como as específicas por ser técnico ou monitor. Nos casos de persoal laboral, deberán de axustar a súa actuación ao Plan de Prevención de Riscos Laborais con empresa do sector.

Obrigacións principais:

- Responsabilidade persoal nas actuacións que realice
- Vixiar o cumprimento das normas no seu grupo e cumprir as que lle corresponden.
- Recibir a formación que se dispoña polo Club e seguir as súas directrices.
- Informar e resolver as dúbidas que se orixinen..
- Pór en coñecemento dos responsables as incidencias que xurdan.
- Contribuír coa súa experiencia e apreciación no día a día ás melloras do protocolo achegando as súas suxestións.


10.- DEPORTISTAS.

Deportistas. Son as persoas usuarias da instalación e participantes nas actividades que promova e organice o club ou entidade deportiva. Deberá en todo caso cumprir as normas e regras que se estableza polo titular da instalación e o promotor ou organizador das actividades deportivas. Todas as medidas están dirixidas a salvagardar a súa saúde e seguridade, co cal pode esixir o cumprimento destas. Informaráselle puntualmente das medidas que son de aplicación

Obrigas:

- Responsabilidade persoal: non asistir á instalación se está enfermo ou ten síntomas.
- Cumprir as normas e pautas que se establezan.

Código Seguro de Verificación	IV67SL7ODIV6RLVPQ5GTCEQCAU	Fecha	02/07/2020 10:39:17
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmante	XOSÉ MANUEL BECERRA PARDO (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo//code/IV67SL7ODIV6RLVPQ5GTCEQCAU	Página	22/27



- Subscribir o documento de compromiso.
- Velar pola súa propia saúde e polas das demais persoas usuarias.
- Usar os medios e mecanismos de protección que se establezan na instalación e para a práctica deportiva : máscaras, cintas de pelo, etc...
- Informar de calquera incidencia que aprecie

11.- ÁRBITROS E OFICIAIS DE MESA.

Árbitros e oficiais de mesa. Son igualmente usuarios/as da instalación e participantes nas actividades que se promovan ou organicen. Deberá en todo caso cumprir as normas e regras que se estableza polo titular da instalación e o organizador das actividades deportivas. Todas as medidas están dirixidas a salvagardar a súa saúde e seguridade, co cal pode esixir o cumprimento destas. Informaráselle puntualmente das medidas que son de aplicación.

Obrigas:

- Responsabilidade Persoal: non asistir á instalación se está enfermo ou ten síntomas.
- Cumprir as normas e pautas que se establezan.
- Subscribir o documento de compromiso.
- Velar pola súa propia saúde e polas demais persoas usuarias.
- Usar os medios e mecanismos de protección que se establezan na instalación e para a práctica deportiva : máscaras, cintas de pelo, etc...
- Informar de calquera incidencia que aprecie

12.- FAMILIARES


Familiares. Deberán de cumprir as normas da instalación sempre e en todo caso, e seguir as directrices que se marquen polos responsables para a entrega e recollida dos menores.

Principais Normas e obrigacións:

- Non poderán acceder á instalación ou só ás zonas permitidas e nese caso con máscaras..
- Manterán sempre o distanciamento física co resto de pais tanto fóra da instalación como nas zonas habilitadas.
- A entrega e recollida serán rápida e áxil polo tempo estritamente necesario.
- Para atención en oficinas: solicitar CITA PREVIA.

13.- ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES

Código Seguro de Verificación	IV67SL7ODIV6RLVPQ5GTCEQCAU	Fecha	02/07/2020 10:39:17
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmante	XOSÉ MANUEL BECERRA PARDO (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo//code/IV67SL7ODIV6RLVPQ5GTCEQCAU	Página	23/27



A entidade deportiva ou club deportivo organizador das actividades deportivas deberá de planificar a forma de desenvolver as actividades deportivas á vista da nova situación.

a) Reestruturación de horarios de actividades. Aconséllase fixar horarios de actividade por quendas horarias e con entrada – saída graduada, adestramentos delimitados á entrada e á saída que permitan tempo de limpeza e desinfección de materiais.

Non se poderá acceder ata que finalizasen a quenda anterior.

b) Análise dos accesos a «zona limpa» da instalación. En caso de dispor de varios accesos, recoméndase fixar o acceso máis próximo ao campo ou pista exterior.

c) Cumprimento normas de acceso e do resto da instalación. Aconséllase :

Analizar as características de a instalación e planificar as medidas a adoptar en cada punto concreto conforme ás directrices que se marcaron .

d) Valoración das actuacións a realizar:

- Valorar quen desenvolverán as tarefas de control de acceso e a supervisión da medidas.
- Calcular a capacidade necesaria, dentro de os límites que fixen as autoridades, a fin de determinar cuantos participantes poderán configurar cada grupo.
- Determinar o punto de rendemento e rendibilidade da actividade.
- Configurar os novos grupos.

e) Información aos participantes das normas e pautas a seguir.

f) Desenvolver a actividade coas medidas determinadas no Protocolo.

g) Finalizada a actividade, abandonarase a instalación cumprindo as normas de distancia física e hixiene.


14.- RECOLLIDA DE MENORES

Polos clubs e entidades deportivas habilitaranse mecanismos que garantan o distanciamento físico dos proxenitores ou responsables que vaian recoller aos menores (no caso de que se desenvolvan actividades deportivas dirixidas a eles).

- Situaranse, de ser posible, fóra da instalación. Non poderán acceder ao interior.
- O adestrador/monitor será responsable da saída dos menores á zona de espera..
- Garantirase en as zonas de espera un distanciamento física mínimo de 1,5 metros, acoutando no seu caso zonas con valos ou cintas e sinalando no chan a distancia mínima de seguridade..
- Esixirase estrita puntualidade nos cumprimentos de horarios de entradas e recollidas coas quendas.
- Ao ser as saídas graduadas solicitarase PACIENCIA aos proxenitores na recollida.

15. EVENTOS DEPORTIVOS

Código Seguro de Verificación	IV67SL7ODIV6RLVPQ5GTCEQCAU	Fecha	02/07/2020 10:39:17
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmante	XOSÉ MANUEL BECERRA PARDO (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo//code/IV67SL7ODIV6RLVPQ5GTCEQCAU	Página	24/27



Para a autorización de usos dos espazos deportivos para a realización de eventos deportivos estarase ao disposto no apartado 3.22. Celebración de eventos deportivos da RESOLUCIÓN do 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, pola que se dá publicidade do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade e no seu caso á valoración por parte da administración das circunstancias das instalacións deportivas solicitadas.

Así:

1. A organización dos eventos deportivos recollidos no artigo 22 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, axustarase aos requirimentos establecidos pola normativa sectorial en vigor e polas normas que, de ser o caso, sexan aprobadas polas autoridades competentes.

2. Os organizadores de eventos deportivos deberán contar cun protocolo específico no ámbito do COVID-19, que será trasladado á autoridade competente e que deberá ser comunicado aos seus participantes. Deberán incluírse no devandito protocolo as medidas necesarias para procurar manter a distancia de seguridade interpersonal con e entre os espectadores ou, na súa falta, a utilización de medidas alternativas de protección física con uso de máscara por parte destes. En todo caso, no relativo ao uso da máscara estarase ao disposto na RESOLUCIÓN do 25 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, pola que se dá publicidade do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 25 de xuño de 2020, polo que se introducen determinadas modificacións nas medidas de prevención previstas no Acordo do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade.

16.- ASISTENCIA DE PÚBLICO

No relativo á presenza de público, estarase ao disposto no apartado 3.23 da RESOLUCIÓN do 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, pola que se dá publicidade do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade e no seu caso á valoración por parte da administración das circunstancias das instalacións deportivas solicitadas.3.23. Asistencia de público en instalacións deportivas.


Sen prexuízo das competencias atribuídas no artigo 15.2 do Real decreto lei 21/2020, do 9 de xuño, de medidas urxentes de prevención, contención e coordinación para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, e do establecido no punto anterior, no caso dos adestramentos, competicións ou eventos que se celebren en instalacións deportivas, poderán desenvolverse con público sempre que este permaneza sentado e que non se supere o setenta e cinco por cento da capacidade permitida, cun límite máximo de trescentas persoas para lugares pechados e de mil persoas tratándose de actividades ao aire libre.

17. ANEXO DE INDICACIÓNS

➤ ITINERARIOS DE ENTRADA E SAÍDA

O Pazo dos Deportes dispón dunha entrada con control de acceso para os deportistas, traballadores e outras persoas usuarias.

Código Seguro de Verificación	IV67SL7ODIV6RLVPQ5GTCEQCAU	Fecha	02/07/2020 10:39:17
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmante	XOSÉ MANUEL BECERRA PARDO (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV67SL7ODIV6RLVPQ5GTCEQCAU	Página	25/27



Esta entrada dá acceso ao corredor principal na planta baixa que ten dúas direccións e que permite aas persoas usuarias dirixirse aos vestiarios, pistas de xogo, almacéns, oficinas de clubs e outros locais de equipamento do Pazo de uso restrinxido (garita gardas seguridade, local servizo de limpeza, centro de transformación, taller, sala de caldeira, etc).

Esta entrada tamén dá acceso, a través de dúas escaleiras, ao primeiro andar. No primeiro andar as escaleiras dan acceso a unha zona de descanso onde se atopa a zona da cafetería e que permite o acceso a grada e a dúas zonas de oficinas, neste caso do CB Breogán SAD.

Quedarán delimitados polos responsables da instalación en función das necesidades e previsión de actividades, cumprimento das normas do protocolo e das medidas deportivas e sanitarias adoptadas e da súa modificación, ampliación e/ou derogación.

Serán de cumprimento estrito por parte dos usuarios e usuarias e indicaranse convenientemente.

➤ **ESPAZOS HABILITADOS PARA A PRÁCTICA DEPORTIVA**

Quedarán delimitados polos responsables da instalación en función das necesidades e previsión de actividades, cumprimento das normas e previsións do presente protocolo e das medidas deportivas e sanitarias adoptadas e da súa modificación, ampliación e/ou derogación.

Serán de cumprimento estrito por parte dos usuarios e usuarias e indicaranse convenientemente.

➤ **HORARIOS DE APERTURA AO PÚBLICO E QUENDAS DE USO**

Atendendo as directrices da normativa de aplicación debéra realizarse unha limpeza e desinfección previa apertura da instalación e entre quendas das persoas usuarias, así como ao final da xornada.

Quedarán delimitados polas persoas responsables da instalación en función das necesidades e previsión de actividades, cumprimento das normas do protocolo e das medidas deportivas e sanitarias adoptadas e da súa modificación, ampliación e/ou derogación.

Serán de cumprimento estrito por parte dos usuarios e usuarias e indicaranse convenientemente.

Non se recomenda abrir a instalación antes das 10:00 h e realizar o peche da mesma ás 13:40 h.

No caso das tardes, a apertura da instalacións propónse para as 16: 00 h e peche ás 21:00 h.

➤ **PISTAS DE SQUASH**


A instalación conta con catro pistas e tendo en conta as medidas de hixiene e desinfección, son espazos que polas súas características, implican máis tempo para unha limpeza e desinfección en condicións.

Quedarán delimitados polos responsables da instalación en función das necesidades e previsión de actividades, cumprimento das normas do protocolo e das medidas deportivas e sanitarias adoptadas e da súa modificación, ampliación e/ou derogación.

Serán de cumprimento estrito por parte dos usuarios e usuarias e indicaranse convenientemente.

Propónse que só se habiliten dúas pistas por quenda e que se vaian intercalando para así dar tempo ao persoal de limpeza a facer o traballo de xeito correcto sen présas.


Código Seguro de Verificación	IV67SL7ODIV6RLVPQ5GTCEQCAU	Fecha	02/07/2020 10:39:17
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmante	XOSÉ MANUEL BECERRA PARDO (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV67SL7ODIV6RLVPQ5GTCEQCAU	Página	26/27



18. VIXENCIAS E ACTUALIZACIÓNS

A vixencia do presente protocolo de autorización de usos de espazos deportivos das instalacións deportivas da Deputación de Lugo e as súas normas de uso, estenderase ata o momento da súa anulación ou derogación, coas respectivas actualizacións e modificacións derivadas das normas legislativas, sanitarias e deportivas que se articulen.

Serán de aplicación complementaria a cada disciplina deportiva aqueles protocolos definidos pola respectiva federación deportiva naquelas directrices que non resulten contraditorias co presente documento. No caso de dúbida ou contradición, será de aplicación o previsto no presente protocolo.

Código Seguro de Verificación	IV67SL7ODIV6RLVPQ5GTCEQCAU	Fecha	02/07/2020 10:39:17	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica			
Firmante	XOSÉ MANUEL BECERRA PARDO (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV67SL7ODIV6RLVPQ5GTCEQCAU	Página	27/27	